



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL G-NP (CSIr G-NP) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DO EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2019

REUNENSE

Dunha parte, D. _____, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en nome e representación da consellería, en virtude do Decreto 148/2016 do 13 de novembro, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. J. _____, en calidade de coordinador da Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN e presidente do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP).

Interven en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro. O Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establecen que a Consellería de Economía Emprego e Industria é a consellería a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións

laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.

Que polo Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 135/2017, do 28 de decembro polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que como consecuencia da transferencia citada, é a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo, e en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede EURES.

Dentro da Rede EURES atópase o servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios.

Segundo. Que o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal foi creado con data 15.12.1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os cales se atopan, entre outros, a Xunta de Galicia o Instituto de Emprego e Formación Profesional (Lisboa-Portugal) e a Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP), entidade non lucrativa.

O Convenio Marco de colaboración foi ratificado con data de 31.05.2010.

Dito convenio establece en base á Decisión 2003/8/CE da Comisión de 23 de decembro de 2002, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Asegurar a circulación de información relativa ás ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas.
- Asegurar a transparencia de información relativa ao mercado de traballo e ás condicións de vida e traballo nestas rexións.

O citado convenio especifica no artigo 1º a necesidade de acadar conxuntamente os obxectivos antes mencionados entre todos os socios e no artigo 5º a preparación dun plan de traballo global no que se especifiquen as actividades de cada socio, entre as que se atopan as de información e difusión que neste período se lle encomendan á

Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP).

Así mesmo, establece no seu artigo 11º que os Servizos Públicos de Emprego (SPE) rotativamente, sexan os únicos perceptores da contribución da Comisión Europea, conforme ao artigo 10º e que procedan á distribución dos fluxos financeiros entre os respectivos socios.

Terceiro. De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, queda xustificado o carácter singular da axuda e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública (pois só poderán acceder os socios participantes do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, socios cos cales se convenia), e atendendo ás especificidades do obxecto do convenio.

É por isto que, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, responsable da xestión das accións transferidas anteriormente indicadas e sendo perceptora dos fondos financeiros comunitarios considera esencial a realización por parte da Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) das actividades relacionadas na cláusula primeira.

Por todo iso formalizan o presente Convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía Emprego e Industria e máis a Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) para a realización das seguintes actividades que figuran no Convenio VS/2018/0488, relativo á aprobación pola Comisión Europea e pola Consellería de Economía Emprego e Industria do orzamento e subvención comunitaria para EURES Transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal.

- **Actividade 2.5. Encontro de Empresas Transfronteirizas** 10.580€



XUNTA DE GALICIA

- **Actividade 5.6. GT Obstáculos á Mobilidade:**
Deseño do Plan de Acción para Eliminar Obstáculos 2.112€
- **Actividade 5.6.1. GT das Autoridades do Traballo G-NP** 3.030€
- **Actividade 5.6.2. GT da Seguridade Social:**
Servizos Distritais e Provinciais 3.030€
- **Actividade 9.2. Rede de Colaboradores nas Entidades Sindicais**
Consello e Asistencia Legal 5.756

Segunda. Orzamento e forma de pagamento.

A achega financeira ao citado convenio, no que atinxe á Consellería de Economía Emprego e Industria, establécese en 19.606,40 € O financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.41.322A.490.0 (Proxecto: 2016 00413 Eures), na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. A dita cantidade correspóndese co 80% da contía orzamentaria para o desenvolvemento das actividades que figuran no Convenio VS/2018/0488.

En ningún caso a Consellería de Economía Emprego e Industria aboará custo ningún que exceda do valor da achega financeira consignada nesta cláusula segunda.

Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Pagamentos anticipados; poderá solicitarse o anticipo de ata o 50 % do importe concedido, logo de solicitude expresa para o efecto.

Pagamentos parciais á conta: faranse efectivos unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades obxecto da axuda.

O importe conxunto dos pagamentos parciais á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da cantidade prevista neste exercicio.

De acordo co establecido no artigo 65.4.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3, 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías “as entidades non lucrativas, así como as federacións,

confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional”.

Terceira. Xustificación e prazos.

A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP), feitas cada unha das actividades obxecto do presente Convenio, deberá xustificar a súa realización mediante a presentación de conta xustificativa, coa achega das facturas que acrediten o gasto e os documentos de pagamento correspondentes, nos termos que establece o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Para o suposto de que os gastos efectuados foran menores que a contía que se orzamentou para o desenvolvemento das actividades a achega da Consellería minorarase na contía correspondente á porcentaxe de financiamento e o organismo socio, de ser o caso, deberá devolver á Consellería a contía indebidamente pagada.

Unicamente serán computadas como gastos realizados os aprobados segundo o Convenio VS/2018/0488, sempre e cando estes estean xustificadas segundo o establecido nas Normas Financeiras para Solicitantes (Final Guidelines for Applicants) da convocatoria de propostas VP/2018/008.

Se unha ou varias das actividades que se convenian non chegase a término de maneira que non sexa posible que produza os efectos que lle son propios, os gastos realizados inherentes á mesma non serán computados.

Se unha vez presentado o relatorio final de actividades á Comisión Europea algún dos gastos realizados non fose aceptado por este organismo, a Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) terá que restituír á Xunta de Galicia a contía correspondente a este gasto.

Prazos:

Prazo para execución das actividades e realización dos gastos: desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de outubro de 2019.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: ata o 11 de novembro de 2019, inclusive.

Excepcionalmente poderán aboarse gastos realizados no mes de outubro nos que non resulte posible achegar a xustificación do seu pagamento dentro do exercicio. Nestes casos o pagamento deberá xustificarse antes do 30 de novembro de 2019, procedéndose, en caso contrario, ao reintegro das contías correspondentes.

Cuarta. Obrigas.

A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) estará suxeita ás seguintes obrigas:

- a) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía Emprego e Industria, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- c) Conservar os xustificantes da realización das actividades deste convenio, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 3 anos e computarase a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídas os gastos da operación, conforme está definido no artigo 140, apartado 1, do Regulamento 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de fomento da empregabilidade.



XUNTA DE GALICIA

A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN en representación do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP), para poder obter a condición de beneficiario, deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN en representación do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) estará suxeita ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Incompatibilidade con outras axudas.

As accións subvencionadas previstas neste convenio son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Sexta. Autorizacións e consentimentos.

A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN en representación do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.gal.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sétima. Alteración das actuacións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, así como a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación subvención concedida, eventualmente, a súa revogación.

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades e a esixencia de xuro de demora, nos casos e termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Oitava. Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio de colaboración non leva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Economía, Emprego e Industria. A Uniao dos Sindicatos do Distrito de Braga da CGTP-IN em representação do Consello Sindical Interrexional G-NP (CSIr G-NP) non ten responsabilidades máis alá das derivadas da súa xestión na realización das actividades das que é responsable.

Novena. Vixencia.

Este convenio estará vixente desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

Décima. Comisión de seguimento do convenio.

Correspóndelle á unha comisión mixta paritaria creada para o efecto o seguimento e interpretación das dúbidas que se presenten ao respecto deste convenio.

Formarán parte desta comisión dous membros designados por cada unha das partes.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Décimo segunda. Causas de resolución.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, feita a denuncia por calquera das partes quedará en suspenso a actividade obxecto de convenio e por ende das respectivas obrigas, sen que iso orixine unha ampliación do prazo convindo..
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



XUNTA DE GALICIA

- Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira. Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa, aplicándose os principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As cuestións litixosas xurdidas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio deberán resolverse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula décima deste convenio. Se non se puidese acadar un acordo, as posibles cuestións litixosas serán de coñecemento e competencia da orden xurisdiccional contencioso- administrativa.



XUNTA DE GALICIA

E en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA

POLA UNIAO DE SINDICATOS DE
BRAGA da CGTP-IN en
representación do Consello Sindical
Interrexional G-NP (CSIr G-NP)